

MEDIDAS DE PROTECCIÓN FRONTE AOS MOSQUITOS DO XÉNERO *Aedes* (INCLUÍDO O MOSQUITO TIGRE – *Aedes albopictus*)

Os mosquitos do xénero *Aedes* poden transmitir, entre outras, enfermidades como dengue, chikungunya, Zika ou febre amarela. Polo tanto, antes de viaxar a zonas de risco hai que informarse ben sobre as medidas que nos permitan protexernos fronte a estas e outras enfermidades nos [puntos de atención ao viaxeiro](#). Así mesmo, compre recordar que xa se detectou o mosquito tigre (*Aedes albopictus*) nalgún municipio da nosa comunidade, polo que estas recomendacións tamén poden ser de utilidade en Galicia.

RECOMENDACIÓNS PERSOAIS PARA EVITAR AS PICADURAS DE MOSQUITOS

- Usar repelentes autorizados e activos fronte mosquitos (ver apartado específico).
- Vestir roupa de manga longa cando se estea no exterior, preferiblemente de cores claras e tecidos naturais. Usar tamén calcetíns e calzado pechado.
- Usar insecticidas como a permetrina para tratar a roupa [\[ligazón\]](#) ou adquirir roupa xa tratada. Non usar nunca os insecticidas directamente sobre a pel.
- Manter unha boa hixiene persoal, evitando perfumes e produtos cosméticos con olores intensos.
- Seguir estas medidas durante todo o día, especialmente ao amencer e anoitecer.

RECOMENDACIÓNS AMBIENTAIS PARA EVITAR AS PICADURAS DE MOSQUITOS

- Aloxarse en lugares con mallas mosquiteiras en portas e ventás. No seu defecto, mantelas pechadas usando mosquiteiros para durmir (tratalos con permetrina fainos máis eficaces).
- Usar aire acondicionado se é posible.
- Usar ventiladores para xerar correntes de aire.
- Usar insecticidas para interiores (difusores eléctricos ou nebulizadores).
- Evitar lugares próximos a augas estancadas por máis dunha semana.

ESTAS RECOMENDACIÓNS DEBEN SEGUIRSE:

Cando se viaxe ou resida nunha área onde o mosquito está presente. Pode consultar as zonas de risco para cada enfermidade e a documentación específica na seguinte [\[ligazón\]](#).

Ao regresar dunha zona de risco durante 2 semanas e cando existan síntomas compatibles con algunha das [enfermidades das estes mosquitos poden ser vector](#), para evitar a introdución do virus nos mosquitos locais.

USO DE REPELENTES E INSECTICIDAS:

- Usar repelentes/insecticidas seguindo sempre as indicacións do fabricante, tanto para repelentes como para insecticidas.
- Fixarse no tempo de duración, podendo ser necesarias novas aplicacións (non reapplicar máis do recomendado).
- Revisar a información, dado que algúns produtos poden disolver tecidos sintéticos e plásticos.

Ter en conta que os repelentes:

- Só deben usarse sobre pel exposta, nunca baixo a roupa.
- Non deben usarse sobre mucosas, ollos, labios nin pel sensible, queimada ou con feridas.
- Para aplicar na cara, usar as mans evitando a pulverización directa do rostro.
- Cando se presentan en forma de pulseira/xeonlleira, baséanse na difusión de substancias activas volátiles no entorno próximo, polo que so protexen a zona na que se usan.
- As mulleres embarazadas non teñen que seguir recomendacións diferentes. En caso de lactancia, lavar mans e peitos antes da toma.

Uso de repelentes en nenas/os pequenas/os:

- Revisar a ficha técnica do produto.
- Aplicar por parte dun adulto ou coa súa supervisión.
- De non ser posible o seu uso, valorar o uso de mosquiteiros.

SUSTANCIA	EFICACIA	CONCENTRACIÓN	DURACIÓN	SEGURIDADE	OBSERVACIÓNS
DEET	Maioría de insectos e arácnidos	20-50%	Proporcional á dose (6-13h)	Na Unión Europea NON se recomenda en <2 anos	As concentracións >50% aumentan os efectos adversos sen mellorar a protección Aplicalo 30-60 minutos antes do protector solar para evitar reducir a súa eficacia
IR3535	Mosquitos, carrachas e moscas	20%	Consultar envase	Seguro, pero só debe aplicarse unha vez ao día en <3.5 anos	Só debe aplicarse en mans, brazos, pernas e cara. Aplicalo 30-60 minutos antes do protector solar para evitar reducir a súa eficacia
Icaridin	Mosquitos, carrachas e moscas	20%	6h para mosquitos <i>Aedes, Culex</i> e <i>Anopheles</i>	NON recomendado en <3 anos	Non dana plásticos nin tecidos.
Citridiol	Moitos insectos e arácnidos	30%	4-6h para mosquitos <i>Aedes, Culex</i> e <i>Anopheles</i>	NON recomendado en <3 anos	Olor agradable

* Dispón de máis información sobre os biocidas autorizados en España na seguinte [ligazón](#).